

TOUZÓN, O. Aldea da parroquia da Esperela (San Pedro), concello de Baleira, na provincia de Lugo, que ten 12 habitantes e dista 3 quilómetros da capital municipal.

- Aldea da parroquia de Ludrio (Santa María), concello de Castro de Rei (Lugo), que suma 7 habitantes e dista 12 quilómetros da capital municipal.

- Aldea da parroquia (Santa María) e concello de Folgoso do Courel (Lugo), que posúe 2 habitantes e dista 2 quilómetros da capital municipal.

- Aldea da parroquia (Santa María) e concello de Meira (Lugo), que rexistra 13 habitantes e dista 2 quilómetros da capital municipal.

TOUZOSAS, As. Lugar da parroquia de Valeixe (Santa Cristina), concello da Cañiza (Pontevedra), que ten 94 habitantes e dista 8 quilómetros da capital municipal.

TOVAR BOBILLO, Antón. Poeta nado en Rairiz de Veiga (Ourense) en 1921. No ano 1940 iniciou a carreira de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela, que interrompeu en 1941 para ingresar no noviciado xesuítico de Salamanca, de onde saíu ó ano seguinte profundamente decepcionado. En 1942 entrou no corpo de contadores de Facenda e foi destinado primeiro a León e, un ano despois, a Ourense. Na cidade das Burgas pasou a formar parte do círculo cultural de Vicente Risco, escritor polo que sentiu unha profunda admiración a pesar das diferenzas ideolóxicas que mantiñan.

Na década dos 60 entrou como militante nas filas do Partido Comunista, motivo polo cal se viu obrigado a dimitir do seu posto de funcionario en 1967. Nese momento, o seu amigo Carlos Vázquez, que rexentaba a librería Tanco, proporcionoulle traballo no seu negocio. No ano 1973 participou en México, como membro dunha delegación de escritores galegos invitados polo Goberno deste país, nunha homenaxe a *León Felipe*.

Antón Tovar comezou a publicar poesía nos anos 60. Fíxoo daquela en castelán, coas obras *El tren y las cosas* (1960); *El ladrido* (1961); *La lanzada (versos hacia el mar)* [1964], que inclúe tres composicións en galego; e *La barca* (1974). Tanto Basilio Losada coma o académico e filólogo español Antonio Tovar consideraron que, aínda que excelente, a obra poética en español do ourensán é inferior á súa produción galega. O feito de que acadase a súa verdadeira dimensión lírica en galego é aínda máis significativo se se ten en conta que esta non era a súa primeira lingua, senón un idioma reencontrado, como el mesmo confesa no poema “Lingua que rexeitaron os meus país”. A preocupación polo idioma foi tamén importante no seu libro *Calados esconxuros* (1980), onde figura unha serie de extraordinarias com-

posicións dedicadas á defensa do galego.

En 1960 obtivo o primeiro e o terceiro premio nos Xogos Florais de Guimarães cos poemas “O can” e “Responso saudososo para don Henrique o Navegante”, composicións que, xunto con dúas das tres que publicou en 1962 en *Vieiros*, se incorporaron ó seu primeiro libro en galego, *Arredores* (1962), mentres que a terceira delas apareceu no segundo, *Non* (1967). Ámbolos dous volumes caracterízanse pola súa pobreza en recursos estilísticos, unha apreciación na que coincidiron críticos tan distantes como Carballo Calero e Méndez Ferrín. Non obstante, a sinceridade e a autenticidade do sentimento poético fixeron de Tovar un poeta importante, mesmo para algúns estudiosos (Basilio Losada, Alonso Montero...) un dos de máis peso da literatura galega posterior á Guerra Civil.



O poeta Antón Tovar Bobillo.

A partir de 1968 o seu traballo gañou en intensidade e calidade. Nestas datas debe situarse a elaboración de *O vento no teu colo*. *Poemas a Tucha*, obra publicada posteriormente no volume antolóxico *Poesía galega completa* (1974). O sentimento amoroso percorre estas páxinas dándolle un novo acento optimista e esperanzado á poesía de Tovar. Aparece tamén nestes versos un erotismo vitalista, ás veces un tanto primitivo a forza de ser sincero e natural.

En 1981 *Calados esconxuros* obtivo o

Premio da Crítica de Galicia. Nesta obra presentouse un Tovar fiel a si mesmo pero transformado. En palabras de Méndez Ferrín, *o poeta nostálgico, realista, desacougado existencial, denunciador da miseria do presente e agoirador da esperanza vermella e haraute ardido do idioma, afonda as súas raíces nos libros anteriores. Pero é agora cando se libera do miserabilismo que o abafaba e loce sen despreziciar a pompa da linguaxe non prevista*.

Aínda que na poesía de Tovar predominou o aspecto intimista, non faltou a denuncia social. Cómpre dicir que nisto, coma en tantas outras cousas, o ourensán foi pouco amigo de segui-las modas máis ou menos pasaxeiras. Así, nos momentos de máximo apoxeo do socialrealismo escribiu o que é quizais o libro máis intimista de toda a súa produción, *O vento no teu colo*, mentres que, en 1980, cando todos semellaban estar de volta da poesía política, publicou *Calados esconxuros*, onde non escasean os versos de denuncia e reivindicación.

A súa obra en verso inclúe tamén *Berros en voz baixa* (1990), *A nada destemida* (1991) e *Cadáver adiado* (2001), último libro do poeta que concentra o existencialismo pesimista presente en tódolos seus traballos.

Á marxe da súa produción poética, asinou relatos curtos, como os incluídos en *A grande ilusión e outros contos* (1989), e obras de prosa, como o ensaio *Xoán XXIII e a Terra* (Premio Amor Ruibal en 1966), *Diario sin datas* (1987) e *Diario íntimo dun vello revoltado* (2001).

Ademais dos devanditos premios, cómpre mencionar tamén o Losada Diéguez (1991) e o Celanova Casa dos Poetas (2003).

Logo dunha prolongada enfermidade, Antón Tovar faleceu en Ourense o 16 de xuño de 2004. Dende 1997 pertencía á Real Academia Galega.

No ano 2005 o Concello de Rairiz de Veiga, o Museo Etnográfico da Limia, o Centro de Cultura Popular do Limia e o Liceo de Ourense convocaron a primeira edición do Premio de Poesía Antón Tovar. (Luis González Blasco et al.)

TOXA. Aldea da parroquia (Santa Baia) e concello de Silleda, na provincia de Pontevedra, que posúe 27 habitantes.

- Río da provincia de Pontevedra que comeza o seu percorrido no concello de Silleda, na parroquia de Graba. Dende alí toma unha dirección sur-norte, de maneira que baña as freguesías de Fiestras, Escuadro, Rellas, Negreiros, Margaride, Chapa, Breixa, Manduas, Ansemil, Martixe e Pazos. Desauga entre esta última entidade e o termo de Vila de Cruces, no río Deza, que, á súa vez, é afluente do Ulla. Xusto antes da súa desembocadura conforma unha ferverza que constitúe a maior caída de auga en vertical de tódalas